



## CONCURSO

# ESCAVA.RME 2020

## ESCOLA DE ENXEÑARÍA DE MINAS E ENERXÍA (EME) UNIVERSIDADE DE VIGO

### BASES DO CONCURSO

1. Un dos grandes retos da humanidade, desde a antigüidade, consiste no **arranque, carga e transporte de todo tipo de materiais** para grandes proxectos como, por exemplo, as pirámides de Exipto, a Gran Muralla ou as grandes catedrais de Europa.

Desde a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía (EME), convidamos o alumnado de terceiro e cuarto da ESO, de bacharelato e de ciclos formativos a asumir o reto **ESCAVA.RME 2020**. Poñerán a proba o seu enxeño e creatividade, e reforzaranse os estándares de aprendizaxe dos currículos de terceiro e cuarto da ESO, e de primeiro e segundo de bacharelato, relacionados coa hidráulica, pneumática, circuítos e automática.

Os/As concursantes deberán construír un equipo que sexa capaz de remover e de cargar material. O guindastre/grúa con sistema de carga poderá estar fixo ou ser móbil. O requisito fundamental é que poida rotar sobre si mesmo e permita realizar a carga do material.

2. Requírese **orixinalidade** no deseño e na construción do equipo. Non se permite empregar maquetas comerciais.

3. **Non existen requisitos nas dimensións das creacións.**

4. **Non existe limitación en canto a materiais** (cartón, madeira, metal, plástico etc.) **ou tecnoloxías empregadas** para a súa construción (elaboración manual en taller, creación de pezas mediante impresoras 3D, procesos de mecanización etc.).

5. O movemento do equipo, no caso de realizarse, será de forma remota, mediante cablaxe de dous ou máis fíos ou un sistema de control sen fíos (por radiofrecuencia, infravermellos etc.).

6. Todas as creacións deben dispor dun **mecanismo capaz de dotar de movemento o cazo**. A posta en funcionamento e o control deste mecanismo realizarase de forma remota. A operación de carga realizarase de forma mecánica. Non se permite a succión, arrastre ou



canalización do material.

7. **Bótalle unha ollada aos seguintes vídeos para atopar a inspiración:**

[https://www.youtube.com/watch?time\\_continue=16&v=XrgeOfyGLI](https://www.youtube.com/watch?time_continue=16&v=XrgeOfyGLI)

<https://www.youtube.com/watch?v=MHaZXSneOGQ>

8. As creacións construíranse por equipos, cun mínimo de tres e un máximo de seis integrantes. O concurso está aberto a alumnado de terceiro e cuarto da ESO, de bacharelato e de ciclos formativos de formación profesional. Os equipos estarán liderados por un/unha docente titor/a do **centro** educativo ao que pertenza o alumnado.

9. Ningunha persoa poderá participar en máis dun equipo, agás o/a docente do centro educativo. Só se permite presentar unha proposta por equipo.

10. Realizarase a **inscrición antes do 1 de decembro do 2019, ás 20.00 horas**. Enviárase ao enderezo electrónico [eme@uvigo.gal](mailto:eme@uvigo.gal) o formulario de inscrición descargable na sección do concurso na web da **EME** (<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl>) debidamente cuberto.

11. Antes do **15 de marzo de 2020**, o/a docente enviará o anteproxecto da construción ao enderezo electrónico [eme@uvigo.gal](mailto:eme@uvigo.gal), indicando claramente o nome das persoas integrantes do equipo. A inscrición no concurso é gratuíta.

12. Segundo as solicitudes de inscrición recibidas, o equipo directivo da **EME** resérvase o dereito a crear diferentes **categorías** para as persoas participantes que cursen a ESO, bacharelato ou ciclos formativos.

13. O concurso poderá anularse se non se presentan un número mínimo de creacións.

14. A participación no concurso implica a plena aceptación destas bases.

## RESOLUCIÓN DO CONCURSO

15. O xurado estará composto por un/unha especialista no ámbito do movemento de terras ou no deseño de maquinaria mineira, dous membros do persoal docente e investigador da Universidade de Vigo e dous alumno/as (un/unha por cada grao impartido na EME).

16. A **competición e a entrega de premios terá lugar o venres 3 de abril de 2020** nas instalacións da EME, en horario de mañá.

17. O xurado rexeitará as creacións que non cumpran o especificado nestas bases.

18. O fallo do xurado será **inapelable** e anunciarase adecuadamente; poderase consultar na sección do concurso en <http://minasyenerxia.uvigo.es/gl/>.

19. O xurado resolverá calquera circunstancia que se produza durante o concurso e que non fose prevista nestas bases.

## PREMIOS

20. Os premios para cada categoría serán os seguintes:

**Primeiro premio:** un diploma e un cheque de 300 € para o centro educativo

**Segundo premio:** un diploma e un cheque de 150 € para o centro educativo

Cada participante recibirá un agasallo.

Os fondos destinados a estes premios serán con cargo á aplicación orzamentaria 230. Ao importe dos premios aplicaráselle a retención fiscal legalmente establecida.

## Atrévete?

### MÁIS INFORMACIÓN

Enderezo electrónico: [eme@uvigo.gal](mailto:eme@uvigo.gal)

Tfno.: [986 814 077](tel:986814077)

### TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos -RXPd-), e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámolo/a de que os datos que nos facilite na solicitude trataranse baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de xestionar o presente procedemento, e amparados pola normativa vixente e pola convocatoria do proceso.

Coa súa participación nesta convocatoria as persoas interesadas autorizan a Universidade de Vigo a publicar os seus datos, de acordo cos principios de publicidade e de transparencia, cando así se derive da natureza deste procedemento.

Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e conservaranse durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se

puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos.

A persoa solicitante garante que os datos achegados son verdadeiros, exactos, completos e actualizados, e é responsable de calquera dano ou prexuízo, directo ou indirecto, que se puidese ocasionar como consecuencia do incumprimento de tal obriga. No caso de que a persoa solicitante facilite datos de terceiras persoas, manifesta contar co consentimento delas e comprométese a trasladarlles a información contida nesta cláusula, eximindo a Universidade de Vigo de calquera responsabilidade neste sentido.

O/A participante ten dereito a solicitarlle á persoa responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento.

Este dereito poderá exercelo mediante unha solicitude presentada ante o rexistro da Universidade de Vigo ou calquera dos rexistros indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo (campus de Vigo, As Lagoas, Marcosende, 36310 Vigo) coa referencia «protección de datos»; o escrito irá asinado e achegarase unha fotocopia do DNI. Para máis información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>.

Así mesmo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).